

O obradoiro ía destinado aos participantes na primeira quenda do campo de traballo denominado INTERVENCIÓN NO CASTRO DE MALLOU-CARNOTA e dirixido por Rubén Mateos.

Idades comprendidas entre os 18 e os 24 anos

Número de participantes, sobre 20, procedentes de comunidades autónomas como Euskadi, Extremadura, Andalucía e tamén galegos.

A data foi o día 26 de xullo.

Horario de 18,00 a 21,30 horas.

Acompañáanos Marcelo, que fora concelleiro de Medio Ambiente durante os días do Prestige.

Quedamos para o desenvolvemento do obradoiro na propia croa do Castro.

Alí falamos identificamos os elementos que conforman a paisaxe (Fisterra, Monte do Pindo, praia de Carnota, Portaventosa, A Garganta Grande, etc) e os lugares (Cornido, Canedo, Louredo, Maceiras, Mallou, Lira, etc) e falamos de mitoloxía e toponimia.

Trátase de comprender a realidade xeográfico-cultural na que se traballa, situando o castro no que nos atopamos na contorna que o rodea.

Repasamos as referencias literarias máis sobranceiras que describen ou definen este territorio, con particular referencia á literatura do Monte do Pindo. Tamén tratamos o cancionero de tradición oral da zona e vencellamos as cantigas coas outras referencias,

por exemplo na seguinte estrofa: “Entre a Garganta Grande e a Garganta do medio/ hai un cabaliño de ouro/coa súa silla e o seu freo”, referido ao monte que se sitúa entre o castro e a parroquia de Lira, identificamos o cabaliño de ouro como símbolo solar e polo tanto vencellado a Fisterra.

Falamos tamén dos problemas medioambientais: Prestige e incendios forestais, destacando a rica aportación de Marcelo, que relata algunhas das súas experiencias.

Ás 20,15 horas, logo dun amplo, intenso e divertido debate, iniciamos o camiño cara o petroglifo das Laxiñas, onde chegamos ás 21,00 horas.

Sobre o magnífico petroglífico, rico e complexo, falamos deles, da súa orixe e datación, dos posibles significados, dos xeitos de conservalos e de dalos a coñecer.

Sobre a laxe inzada de formas agradamos polo solpor.

Carnota, 27 de xullo de 2007